



BO ANO 2010

Susiño, xa miramos que abríronche a porta do Canastro! Benvido;

Notarías novos cambios...

Xa sabes que os especuladores metéronnos nunha crise seria, e por riba no convenio baixáronlle os salarios os eventuais.

O Andón, este ano levounos da nosa fatiga 26 horas gratis...

Tamén saberás que están desprofesionalizando a persoas, algunhas delas con máis de 30 anos de oficio.

Suspenderon o acceso a Xubilación Parcial..

As enfermidades psicosociais van en aumento...

Sí te asomas, mirarás os pasos de cebra polos que nos fan "desfilar"...

Os rumorosos comentan novas sorpresas, como maior flexibilidade horaria e incluso realizar exercicios de quecemento antes de comezar a traballar.

Susiño, sabemos que estas moi ocupado cos problemas do mundo, como as guerras... a fame, as pandemias, a corrupción, os traficantes de vidas,... en fin...

*De tódolos xeitos, si tiveras un oco antes de que che apaguen as luces de novo, fálalles os que toman decisións, dos nosos problemas, como son... os ritmos de traballo, os limitados, a non discriminación entre as persoas, que respecten o coñecemento e a profesionalidade..., en definitiva, que se fomente a autoestima dos homes e mulleres que aquí traballamos.
Bo Nadal.*

¡¡ BOAS FESTAS e SAÚDE A TÓDOS/AS !!

Confederación Intersindical Galega